

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAISS MEDIANTE ACCIÓNS PREVENTIVAS SOBRE A POBOACIÓN E SOBRE O TERRITORIO E DE VIXILANCIA PREVENTIVA, DETECCIÓN, DISUASIÓN E INVESTIGACIÓN NO MARCO DO PLADIGA**

En Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2018

Por unha banda, dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira do Medio Rural, en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 127/2015, do 4 de outubro (DOG núm. 190, do 05/10/15) e, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, don Javier Nogueira Diz, en representación da Federación Galega de Caza, da que é presidente, en virtude de nomeamento da Xunta Electoral de data 27-12-2014, e Resolución de inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia de data 3-6-2015.

Ambos as dúas partes actúan coa representación legal que regulamentariamente teñen conferida, e no marco das súas respectivas competencias recoñécense capacidade legal bastante para outorgar o presente documento, e a tal efecto

**EXPONEN:**

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

galicia





A conselleira do Medio Rural asinará este protocolo en aplicación do artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Federación Galega de Caza é unha entidade deportiva e social, sen ánimo de lucro, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sendo ademais a entidade máis representativa dos cazadores galegos

Nela intégranse as sociedades de caza, cazadores, e os xuíces e árbitros, co obxectivo de promover, practicar, e en xeral, contribuír ao desenvolvemento da actividade cinexética, sendo o único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma na esfera das súas competencias, conforme establece o Art. 4 dos seus estatutos.

Ademais das súas propias atribucións, exerce, conforme ao Art. 51.4 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como Axente Colaborador da Comunidade Autónoma.

Entre as súas competencias (Art. 9 dos Estatutos) a Federación Galega de Caza poderá asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas, en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza, e desenvolver iniciativas dirixidas á defensa do medio natural así como realizar actividades encamiñadas á salvagarda e mellora do medio ambiente.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Protocolo de colaboración, de acordo coas seguintes



O obxecto do presente protocolo é acordar a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Federación Galega de Caza para a realización de actividades de prevención e defensa contra incendios forestais nas tarefas de detección, vixilancia e disuasión a desenvolver polos servizos de vixilancia dos Terreos

galicia *[Signature]* 



cinexeticamente ordenados (Tecor) na finalidade común de divulgar e concienciar do risco dos lumes, minorar o número de incendios e levar a cabo un rápido control dos mesmos.

### Segunda.- Compromisos da Federación Galega de Caza

A Federación Galega de Caza comprométese a:

1. Realizar labores de información e divulgación das medidas preventivas de incendios forestais entre os seus afiliados, en relación co uso do lume, a colaboración na planificación e execución de queimas controladas, coas actividades en terreos queimados, coas condicións de acceso, circulación e permanencia en zonas forestais, entre outras.
2. Emitir informes cando existan conflitos de intereses que puideran dar lugar a incendios forestais e colaborar , en caso de que sexan requiridos, co persoal da Consellería do Medio Rural encargado dos estudos de causas de lumes.
3. Colaborar coa Consellería do Medio Rural na elaboración do Plan de Actuacións para a seguinte anualidade en materia de prevención de incendios forestais sobre o territorio, no que se propoñerán as actuacións de silvicultura preventiva e de defensa, puntos de auga, viais e todas aquelas que a FGC considere de importancia para o desenvolvemento axeitado da actividade cinexética e para a defensa do monte.
4. Por a disposición da Consellería do Medio Rural os contactos (nombres, teléfonos...) dos titulares e xestores e dos Terreos Cinexeticamente Ordenados (Tecor), para coordinar axeitadamente, cos TECORES nas súas zonas, as seguintes actuacións:
  - a. Colaborar cos medios dos Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) na vixilancia e detección de incendios forestais.
  - b. Colaborar cos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e cos Axentes Forestais na disuasión e investigación de incendios forestais.
  - c. Colaborar cos distritos forestais na planificación e execución dun plan de actuacións preventivas e defensa contra incendios forestais , que os Tecores consideren de importancia para la prevención e defensa contra incendios e o desenvolvemento da caza, especialmente no que ten que ver coas relacións cos propietarios dos terreos e o exercicio dos dereitos cinexéticos.
  - d. Apoiar, a petición do director de extinción, nas actuacións de loxística na extinción de incendios forestais: apoio na guía de medios, na chegada aos lumes, no tocante a puntos de

galicia





auga, accesos ou infraestruturas, labores de intendencia (subministración e reparto de auga e comida...)

e. Colaborar, a petición do director de extinción, nas labores de vixilancia despois do remate dos lumes, para evitar reproducións.

#### Terceira.- Compromisos da Consellería

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, comprométese a:

1. Por a disposición da Federación Galega de Caza os contactos (nombres, teléfonos...) para a coordinación coas provincias e Distritos Forestais correspondentes a cada zona de actuación.
2. Impartir formación aos colectivos de cazadores, incluídos os titulares e xestores dos Tecor, sobre o conxunto das accións preventivas e de defensa contra os incendios forestais contempladas no PLADIGA, e calquera outra que de mutuo se acorde.
3. Convocar reunións para coordinar e priorizar actuacións.
4. Avaliar o Programa anual de Actuacións e a súa concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal.
5. Programar as actividades que poderan levar a cabo, despois de feita a avaliación do Programa anual de Actuacións.

#### Cuarta.- Comisión de Seguimiento

Co fin de velar pola execución do presente protocolo crearase unha comisión de seguimento, que estará composta pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Forestal que terá a súa presidencia, pola persoa titular da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, pola persoa titular da Presidencia da Federación Galega de Caza e por outro/a representante da mesma.

Esta comisión terá como funcións o seguimento, a vixilancia e o control da execución do protocolo e dos compromisos adquiridos a través da súa sinatura. Tamén resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan presentarse no transcurso da duración deste protocolo.

#### Quinta. Consecuencias en caso de incumplimiento

No caso de incumplimento dos compromisos por algún dos asinantes, calquera das partes poderá, de conformidade co previsto no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público, notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpla, nun determinado prazo, cos compromisos que se consideren incumplidos.

galicia





Este requerimento será así mesmo comunicado á Comisión de Seguimento de acordo co establecido na cláusula cuarta.

Si transcorrido o prazo indicado no mencionado requerimento, persistira o incumplimento, a parte que dirixiu aquél, notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución do Protocolo e se entenderá resolto o mesmo.

En todo caso, as partes, a través da Comisión de Seguimento, adoptarán as medidas necesarias para asegurar a terminación das actuacións en curso.

#### Sexta.- Natureza

O presente protocolo de colaboración ten natureza administrativa e se rexe polo disposto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Este protocolo non implica renuncia das competencias que lle corresponden á Consellería do Medio Rural, nin asunción doutras novas. Tampouco xera nin obrigas económicas nin xurídicas esixibles entre as partes que interveñen.



#### Sétima.- Modificación do protocolo

O presente protocolo poderá modificarse polo acordo unánime de ambas partes. A modificación formalizarase a través dunha Addenda.

#### Oitava.- Extinción do protocolo

Son causas de resolución deste protocolo:

- O transcurso do prazo de vixencia do protocolo sen acordar a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumplimento dos compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

#### Novena.- Relacións laborais

União Galega de Caza





A Consellería do Medio Rural non terá vinculación laboral nin doutro tipo co persoal, que preste os seus servizos para a Federación Galega de Caza no cumprimento e desenvolvemento do presente protocolo.

#### Décima.- Rexistro de convenios

As partes asinantes deste protocolo outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste protocolo sexa publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

#### Undécima.- Duración do protocolo

O presente protocolo ten unha duración de catro anos contados dende o día da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización deste prazo previsto, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período adicional de outros catro anos, a través da sinatura dunha Addenda.

En proba de conformidade, as partes asinan por duplicado na data e lugar indicados no encabezado.

A conselleira

Ángeles Vázquez Mejuto

Presidente da Federación Galega de Caza

Javier Nogueira Díz